

## PROTOCOLO BÁSICO PREVENCIÓN DA COVID 19 TORNEOS

Recoméndase acudir ó torneo en coches privados. De ser varios xogadores, sempre coa máscara.

Habrán un control de temperatura, hidroxel. Darase a cada xogador/a unha máscara quirúrxica na entrada para que a poña antes de acceder ás instalacións.

Realizarase obrigatoriamente un test de antíxenos (tipo PCR) que será realizado por unha enfermeira, nas instalacións 20m antes do 1º Partido.

Presentación de Declaración xurada conforme non se tivo síntomas nos últimos días.

Os xogadores, esperarán na entrada, serán orientados polo árbitro/ou alguen da FGS que será o encargado de abrir e pechar a porta da pista. Sempre mantendo a distancia.

Os xogadores, deixarán as súas pertencencias nuns caixóns identificados con Xogador/a 1 ou 2. (dereita/esquerda). Levarán a máscara ata o mesmo momento de entrar en pista. Cada xogador entre xogo e xogo dirixirase o seu lugar para descansar e hidratarse en cada punto.

Non se podrá compartir ningún material deportivo, nin de hixiene.

Non se poderá secar as mans nin as paredes, nin os cristais.

Haberá un árbitro por pista, durante todo o torneo.

Recomendanse utilizar pantalla protectora en lugar de gafas.

Abandonarán as pistas de maneira secuenciada e organizada polos xuíz árbitro ou árbitros e mantendo a distancia de seguridade e coa máscara posta. Non se poderá permanecer nas instalacións.

Non se permite público.

Os vestuarios abertos, deberá manterse tódalas medidas de seguridade.

Na entrega de premios, so estarán presentes os gañadores e a presidenta. Os trofeos estarán precintados e desinfectados, e será o propio premiado quen o recolla. Sempre mantendo as distancias de seguridade e coa máscara posta.

